

## CALENDARIO ACADÉMICO DO CURSO 2014-2015 (Aprobado C.G. 6-6-2014)

1- O curso académico comprenderá do **luns 1 de setembro de 2014 ao venres 31 de xullo de 2015**. O mes de agosto non será lectivo.

2- O calendario de actividades docentes é o marco temporal no que se desenvolve a planificación do conxunto das diversas actividades formativas, incluíndo as correspondentes probas de avaliación, nas titulacións que se imparten na universidade. Ditas actividades comenzarán e rematarán nas datas seguintes:

	Inicio	Remate
1º CUADRIMESTRE	LUNS, 1 DE SETEMBRO DE 2014	SÁBADO, 17 DE XANEIRO DE 2015
2º CUADRIMESTRE	LUNS, 19 DE XANEIRO DE 2015	SÁBADO, 30 DE MAIO DE 2015

As ensinanzas universitarias oficiais de Grao e Mestrados axustadas ao RD 1393/2007, modificadas polo RD 861/2010, están medidas en créditos europeos ECTS. Tal como establece o RD 1125/2003, os planos de estudio terán 60 créditos ECTS por curso académico, cada un dos cales suporá na Universidade de Vigo 25 horas de traballo para un estudiante dedicado a cursar a tempo completo estudos universitarios durante un mínimo de 36 e un máximo de 40 semanas por curso académico, distribuídas equitativamente en 2 cuadrimestres.

- 3- A data de inicio da actividade académica para cada título de grao será determinada en cada caso polo Centro de adscrición e deberá ser comunicada antes do inicio do curso á Secretaría Xeral.
- 4- Nas titulacións de Mestrado, as datas de inicio da actividade académica e de fin de cuadrimestre serán determinadas en cada caso pola correspondente Comisión Académica e deberán ser comunicadas antes do inicio do curso á Secretaría Xeral. En todo caso, o período de entrega de actas non se verá modificado.
- 5- A docencia interromperase dende o martes, día 23 de decembro de 2014, ata o mércoreo día 7 de xaneiro de 2015 (ambos os dous incluídos), o luns día 16 de febreiro e o martes día 17 de febreiro, e dende o luns día 30 de marzo ao sábado día 4 de abril de 2015 (ambos os dous incluídos).
- 6- Terá **carácter festivo o mércoreo 28 de xaneiro de 2015**. Posuirán o mesmo carácter os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e, en cada Campus, os días das festas locais.
- 7- Así mesmo, en cada centro terá carácter festivo a data da súa festa propia. Todas as que non coincidan en luns ou venres, pasaranse a eses días.

ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN	29/09/2014, luns
ESCOLA DE ENXEÑARÍA FORESTAL	04/10/2014, sábado
FACULTADES DE BIOLOXÍA, CIENCIAS DO MAR, QUÍMICA e CIENCIAS	15/11/2014, sábado
E.U. FORMACIÓN DO PROFESORADO DE E.X.B.	27/11/2014, xoves
ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA DE MINAS	04/12/2014, xoves
FACULTADES DE DEREITO e DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO (DEREITO)	07/01/2015, mércores
ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA	25/02/2015, mércores

# Universidade de Vigo

ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL	19/03/2015, xoves
FACULTADES DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS, CIENCIAS EMPRESARIAIS E TURISMO e ESCOLA UNIVERSITARIA DE ESTUDOS EMPRESARIAIS.	05/04/2015, domingo
FACULTADES DE HISTORIA, FILOLOXÍA E TRADUCIÓN, CIENCIAS DA EDUCACIÓN e CIENCIAS DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE.	26/04/2015, domingo
FACULTADE DE CIENCIAS SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN	29/04/2015, mércores
FAC. CC. XURÍDICAS E DO TRABALLO ( RELACIÓN LABORAIS)	01/05/2015, venres
FACULTADE DE BELAS ARTES	04/05/2015, luns
ESCOLAS DE ENFERMERÍA	12/05/2015, martes

8- Os períodos de rexistro na aplicación informática das cualificacións nas actas e da súa entrega rematarán nas datas seguintes:

Período docente ou convocatoria	Inicio	Remate
1º CUADRIMESTRE	MARTES, 9 DE DECEMBRO DE 2014	VENRES, 6 DE FEBREIRO DE 2015
2º CUADRIMESTRE	LUNS, 27 DE ABRIL DE 2015	VENRES 12 DE XUÑO DE 2015
XULLO	LUNS, 22 DE XUÑO DE 2015	VENRES, 24 DE XULLO DE 2015
FIN DE CARREIRA	LUNS, 1 DE SETEMBRO DE 2014	LUNS, 10 DE NOVEMBRO DE 2014

9- As **datas para a entrega das actas** dos TRABALLOS DE FIN DE GRAO serán os seguintes:

1º CUADRIMESTRE	MARTES, 24 DE FEBREIRO DE 2015
2º CUADRIMESTRE	MARTES, 23 DE XUÑO DE 2015
XULLO	XOVES, 30 DE XULLO DE 2015

10- As guías docentes deberán recoller as datas, horario e, se procede, o lugar das probas de avaliación. Tamén se especificará o medio empregado polo centro para a súa publicación oficial, así como as posibles modificacións que de xeito xustificado se puideran producir. Na fixación das datas das probas de avaliación da convocatoria extraordinaria de xullo procurarase poñer en primeiro lugar as materias do primeiro cuadrimestre.

11- As datas para a realización das **probas de avaliación da convocatoria “de fin de carreira”** serán acordadas polos respectivos centros desde o día 1 de setembro debéndose respectar, en todo caso, o período de rexistro na aplicación informática das cualificacións nas actas e da súa entrega establecidas no apartado 6, sen que se suspendan o resto das actividades docentes.

12- Para as titulacións que se extinguén, os centros poderán optar entre realizar as probas de avaliación da convocatoria extraordinaria chamada “de decembro” no período marcado para a convocatoria “de fin de carreira”, ou nun período similar ao remate do primeiro ou do segundo cuadrimestre, debendo decidir o propio centro se suspende ou non as clases. As datas de rexistro das cualificacións na aplicación informática e de entrega de actas serán as que correspondan co período elixido segundo a táboa do punto 8.